



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Transferencia de Tecnoloxía** está habitualmente dirixida a obter un rendemento comercial dos coñecementos e dos resultados da I+D+i, polo que se fai necesario **protexer convintemente a innovación** producida a través de relacións contractuais. Estes contratos deben ter en conta as especiais características da transmisión de coñecemento.

Co fin de axudar ás universidades, organismos públicos de investigación, centros tecnolóxicos, centros de investigación de entidades sanitarias, pequenas e medianas empresas, etc. nesta tarefa, o **Ministerio de Economía e Competitividade** puxo en marcha un grupo de traballo multidisciplinar, coordinado pola Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM), encargado de elaborar os modelos dos distintos tipos de contrato.

Neste momento xa están dispoñibles os dous primeiros modelos finalizados: o “**Acordo de Confidencialidade**” e o “**Acordo de Transferencia de Material**”, en versión española e inglesa, coas súas correspondentes guías de utilización. Proximamente serán colgados outros que intentarán cubrir todos os aspectos relacionados coa Transferencia de Tecnoloxía.

PPodes acceder aos modelos dispoñibles no seguinte **enlace**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).